

Debido á suspensión das actividades lectivas por motivo do COVID-19, a Consellería de Educación publicou unhas instrucións entre as que se atopa a programación de actividades para que o alumnado as poida realizar no seu domicilio.

Como mestras de Audición e Linguaxe e Pedagogía terapéutica propoñemos unha serie de actividades para o alumnado que está acudir a aula de apoio, pero que son extensibles a outro alumnado especialmente dos primeiros cursos. Propóñense as seguintes actividades:

ASEMBLEA: se pode ser en familia. Para seguir a mesma podedes:

- Ver no calendario que día é (número, día da semana, mes, estación, ano), cantos días faltan para o comezo da primavera, que día da semana foi onte, que día será mañá, cantos días faltan para algún acontecemento importante para vosotr@s...
- Mirar pola ventá para comprobar o tempo atmosférico: se chove, se quenta o sol, se venta, se fai frío/calor...
- Organizar o día, consensuando entre todas/os as actividades a realizar, se é posible facelo de xeito visual para que poidan recurrir en caso de ser preciso. Podemos facelo con debuxos, pictogramas, etc.
- Conversar, respectando as quendas de palabra e escoitando activamente aos demais.

ACTIVIDADES: manipulativas, en papel, manuais, en formato dixital (apps educativas) tarefas domésticas... A continuación deixamos unha lista de actividades xenéricas para que vaiades elixindo as que máis vos conveñan para cada día.

Lóxica-matemática:

- Contar cousas da casa (por exemplo: canta froita hai, estimar para cantos días nos chegará, comparar entre froitas, de cal temos máis, cantas mazás hai máis que plátanos...).
- Facer agrupacións e comparacións. Por exemplo: cantas froitas de cada temos no froiteiro, de cal hai máis, cantas mazás hai máis que plátanos... O mesmo se podería facer con prendas de roupa, xoguetes, útiles de aseo, menaxe de cociña, e todo o que se vos ocorra.

- Tarefas domésticas: emparellar calcetíns, dobrar a roupa e colocala no seu sitio, axudar a tender a roupa empregando un criterio de cor coas pinzas, axudar a poñer a mesa contando cantos pratos/vasos/cubertos fan falta...
- Buscar pola casa cousas redondas, cadradas, triangulares, rectangulares e facer agrupacións segundo a forma e/ou tamaño.
- Xogar ao bingo, podendo elaboralo vós mesmos/as con números, letras, animais, formas xeométricas, medios de transporte...
- Xogar a xogos de mesa: parchís, oca, dominó, cartas...
- Elaborar unha receita de cociña.
- Facer algún experimento.
- Facer crebacabezas
- Escribir os números.

Lectoescritura/ Linguaxe:

- Actividades relacionadas con palabras que sexan significativas para eles (nome dos nen@s da súa clase, personaxes de contos, superhéroes/superheroínas, o menú que van comer ese día...),
- Intentar escribir/compoñer palabras.
- Ordenar palabras pola súa lonxitude (longas/curtas).
- Buscar letras concretas en certas palabras.
- Contar cantas letras ten cada palabra.
- Buscar palabras que comecen/rematen por unha letra determinada.
- Actividades relacionadas con contos: contar un conto e que faigan un debuxo, falar das personaxes, analizar a portada, o título, inventar un final alternativo... o mesmo poden facer cos capítulos dos seus debuxos favoritos ou películas.
- Dicir as 5 -10 primeiras palabras que se vos ocorran e crear unha historia na que aparezan todas elas.
- Xogar o “ Veo Veo”, adiviñanzas (tamén podedes utilizar diademas para inserir unha imaxe/tarxeta e que a persoa que a pon na cabeza teña que adiviñar de que se trata, ...).
- Facer un diario e poñer como mínimo una frase con algo positivo do día.

Lóxica-matemática:

- Escribir os números.
- Contar cousas da casa (por exemplo cantos bonecos hai na súa habitación, clasifícalos por cores ou outras categorías,... outro exemplo pode ser con froitas, contar canta temos na casa, comparar as froitas, observar de cal temos máis, estimar canto tempo nos durará,). Tamén se poderá facer con prendas de roupa, útiles de aseo, xoguetes, e todo o que se vos ocorra.
- Tarefas domésticas: axudar a poñer a mesa contando os cubertos pratos/vasos fan falta, axudar a dobrar a roupa e colocala no seu sitio, emparellar calcetíns, axudar a tender a roupa empregando por exemplo unha serie de cores coas pinzas, axudar a preparar a comida,
- Xogar a xogos de mesa: parchís, oca, dominó, cartas (xogos como o mistigrí, familias ...). Algúns destes xogos podedes elaboralos vosoutros mesmos.
- Buscar pola casa diferentes cousas con un determinado patrón, por cores, por formas e facer agrupacións segundo a forma, tamaño, cor, etc.
- Facer quebra cabezas.
- Elaborar recetas de cociña.
- Facer algún experimento.

Actividades artísticas:

- Debuxar.
- Colorear.
- Pintar coas máns, con témperas ou acuarelas.
- Estampación con diferentes materiais (goma eva, esponxas, rolos de papel hixiénico, corchos, ...).
- Realizar collages recortando e pegando.
- Modelado de plastilina/area máxica.
- Sinestesias (pintar ao ritmo de diferentes músicas).

MERENDA: preparar un aperitivo saudable para media mañá, prestando especial atención á hixiene de mans e á autonomía para comer.

TEMPO DE MOVIMENTO: Propoñémosvos facer algo de exercicio na casa con este tipo de vídeos:

Zumba kids.

<https://www.youtube.com/watch?v=FP0wgVhUC9w>

Yoga for kids

<https://www.youtube.com/watch?v=5XCQfYsFa3Q>

XOGO LIBRE: cos xoguetes que consideredes, recollendo os mesmos ao rematar.

Podemos utilizar o xogo simbólico xogando a ser médicos, cociñeiros, tenderios, e así tamén concienciar os pequenos da importancia de todas as profesións e agradecer así a súa labor.

Todas estas propostas son flexibles e poderán ser adaptadas a cada familia en función da súa situación familiar.

Nesta web atoparedes moitos xogos educativos:

<http://laclasedemiren.blogspot.com/p/juegos.html?m=1>

<https://vedoque.com>

<https://www.mundoprimaria.com>

Moito ánimo para todas e todos! Quedémonos na casa. Todo vai ir ben.